



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de OUTUBRO de 2022 (1303/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día once de outubro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(846).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(847).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ORNAMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS FIGURATIVOS LUMÍNICOS DO NADAL: LOTE 1. EXPTE. 8586/106.

Visto o informe de fiscalización do 10/10/2022, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou aprobar o expediente de contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal, autorizar o gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de setembro de 2022, de SA GLOBAL CONCEPT no lote 3 por non axustarse ao recollido no prego de prescricións



Concello de Vigo

técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP.)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) na seguinte orde descendente:

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1: escenas figurativas de nadal vexetais e non vexetais

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.	69,50 puntos

Lote nº 2: instalacións decorativas lumínicas transitables

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	99,00 puntos

Lote nº 3: instalacións lumínicas non transitables

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	97,00 puntos
2	EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.	50,52 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) (B-15.520.935) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3) (A-14.041.362) para que presenten, no prazo de dez días hábile, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F das FEC do PCAP ("documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en

posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas”).

** No caso de EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. ao ter presentado documentación no sobre A e en trámite de emenda, non é necesario que achegue a seguinte documentación: escritura de constitución, poder e DNI do apoderado, anexo V do PCAP e acreditación da habilitación profesional.*

- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3), o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada. Despois de revisada, a Mesa acorda, por unanimidade:

“Conceder un prazo de 3 días a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) para que poida emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.8.3º do PCAP:

“Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.

O licitador achegou declaracións responsables do terceiro a cuxa solvencia recorre sen acompañalas de documentación que acredite a realización das prestacións”.

Quinto.- Publicouse no Perfil de Contratante do concello de Vigo un anuncio para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público. O prazo para presentar a devandita documentación remataba o día 10 de outubro de 2022



Concello de Vigo

Sexto.- EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. presentou a documentación solicitada o día 10 de outubro de 2022. Cualificada a documentación na sesión da Mesa de Contratación celebrada ese mesmo día, esta é correcta polo que procede formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosa para a administración contratante é a formuladas por EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L., de acordo co informe do servizo xestor de data 21 de setembro, aprobado por acordo da Mesa de Contratación do 22 de setembro.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote 1 é de 709.417,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 123.122,01 euros.*
- b) *Propón as seguintes melloras:*
 1. *Incrementa en 100 (nº) m2 a superficie establecida no prego para o set n.º 11 de zonas axardinadas a diferentes alturas recubertas de*

tepe, con 5 ud de arbolado iluminado cada 20 m2, con unha nevada artificial inicial e dúas reposicións periódicas na campaña, a instalar en diversas rúas e prazas da cidade.

2. *Incrementa en 250 (nº) m a superficie de instalación de pavimento de moqueta vermella ofertada no set n.º 12.*
 3. *Achega 8 (nº) novos elementos figurativos en 3D dos sets que non teñen renovación parcial anual (sets n.º 1, 4, 5, 6, 7 e 9) de características técnicas similares ao proxecto inicial e cunha temática de nadal.*
- c) *Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(848).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DEPORTES. EXPTE. 4792/611.

Dáse conta do informe-proposta do 07/10/2022, asinado da xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).



Concello de Vigo

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de “Software as a service” (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza básico das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 3 de xuño de 2022 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial de Unión Europea e na Plataforma de Contratación del Sector Público, na que se aloxa o perfil de contratante do Concello de Vigo. O prazo de presentación de ofertas comezou ao día seguinte e rematou o 1 de xullo. Durante o mesmo presentaron oferta os seguintes licitadores:

- EULEN, S.A.
- GARBIALDI, S.A.
- LIMPIEZAS CIES, S. L.
- SACYR FACILITIES, S.A.
- SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A
- SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.

Terceiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xullo de 2022 procedeu a apertura e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, acordando a admisión de todos eles no procedemento. A continuación se realizou a apertura do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e acordouse solicitar informe técnico ao servizo xestor.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, acordou aceptar o informe de valoración do sobre B asinado polo adxunto á xefatura de Deportes e o xefe do Servizo de data 22 de xullo. Procedeuse, a continuación, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e a solicitar informe de valoración ao servizo xestor.

Quinto.- En data 9 de agosto, a Mesa acepta o informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes do 1 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, acorda iniciar o

procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con LIMPEZAS CIES S.L., GARBIALDI, S.A. e SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A., por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade.

Durante o prazo concedido os 3 licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

Sexto.- En data 29 de agosto de 2022, a Mesa de Contratación, acepta o informe do adxunto e o xefe do Servizo de Deportes sobre as xustificacións presentadas polos licitadores, de 24 de agosto, e o de valoración do sobre C, da mesma data.

Sétimo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022:

1. LIMPIEZAS CIES, S.L.
2. GARBIALDI, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	91,65
2	SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	84,97
3	SACYR FACILITIES, S.A.	75,95
4	EULEN, S.A.	63,07

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A (A-27.843.192), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Concello de Vigo

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A., o día 30 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

Oitavo.- En data 9 de setembro de 2022, GARBIALDI, S.A., presenta alegacións a súa exclusión.

Noveno.- En data 15 de setembro de 2022, a XGL acordou:

“Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022:

- LIMPIEZAS CIES, S.L.
- GARBIALDI, S.A.

Adxudicar a SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A (A-27.843.192) o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611), coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 3.299.738,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 572.681,89 euros, co seguinte detalle:*

	Importe C/IVE	IVE
Parte fixa	3.123.948,96 €	542.172,96 €
Parte variable	175.789,53 €	30.508,93 €
Prezo total	3.299.738,49 €	572.681,89 €

- b) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacterias do 59,88%.*
- c) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de cristais en altura e limpeza en altura, así como conducións de aire do 59,88%.*
- d) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de resinas do 59,88%.*

- e) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza extraordinarias de eventos deportivos e COVID do 3,72%.*
- f) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para os supostos de modificacións da parte fixa do contrato do 8,74%.*
- g) *Comprométese a que todos os produtos de limpeza que se utilizarán durante a execución do contrato deberán posuír a etiqueta ecolóxica tipo I, segundo a norma UNE-EN ISO 14024:2018 ou equivalente.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Décimo.- En data 30 de setembro de 2022, D. José Antonio Souto López, en nome e representación de GARBIALDI, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación (nº 168/2022) ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a súa exclusión e a adxudicación do presente procedemento.

Undécimo.- En data 7 de outubro de 2022 o adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes emiten informe sobre o presente recurso e as alegacións presentadas polo recorrente en data 9 de setembro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, adoptado na sesión do 15 de setembro de 2022, de adxudicación do procedemento aberto o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611).

Se ben, o recorrente manifesta recorrer o acordo de adxudicación, en realidade as súas alegacións versan sobre a súa exclusión. Esta foi acordada por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022. Esta exclusión lle foi notificada ao licitador xunto co acordo de adxudicación do contrato.

Tendo en conta que, tal e como determina o artigo 115.2 da LPAC, con relación á interposición de recursos, *“El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter”*, cabería entender por analoxía que, aínda que o recorrente cualifica o obxecto do recurso como impugnación do acordo de adxudicación, en realidade está impugnando a súa exclusión, por canto os motivos do recurso versan sobre esta exclusivamente.



Concello de Vigo

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación. É preciso recordar, como se dixo no fundamento xurídico I que



Concello de Vigo

en realidade o que se está a impugnar é a exclusión do recorrente, que tamén é un acto susceptible de recurso especial.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir.

Neste caso é indubidable que o recorrente, na súa cualidade de licitador, posúe lexitimación activa. No entanto, é preciso realizar unha matización. Dado que neste recurso impúgnanse simultaneamente dous acordos, se o Tribunal desestimase o recurso contra a exclusión do recorrente, este carecería de lexitimación para a impugnación do acordo de adxudicación por canto os seus dereitos e intereses lexítimos non se verían afectados coa resolución do recurso.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valer o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurese unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto o 30 de setembro de 2022. A exclusión foi acordada por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022. Esta exclusión lle foi notificada ao licitador xunto co acordo de adxudicación do contrato. O artigo 40.3 da LPAC establece con relación ás notificacións defectuosas que *“Las notificaciones que, conteniendo el texto íntegro del acto, omitiesen alguno de los demás requisitos previstos en el apartado anterior, surtirán efecto a partir de la fecha en que el interesado realice actuaciones que supongan el conocimiento del contenido y alcance de la resolución o acto objeto de la notificación, o interponga cualquier recurso que proceda”*. Por analogía, no presente caso podemos considerar que o coñecemento do licitador do acordo de exclusión a través da notificación do acordo de adxudicación equivale a súa notificación polo que o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto a impugnación tanto do acordo de adxudicación como do acordo de exclusión.

A impugnación do acordo de adxudicación esta estaría condicionada á estimación do recurso con relación á exclusión do licitador. Citaremos ó respecto a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Por todas, a Resolución nº 685/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que no seu fundamento de dereito cuarto di que:

“ aunque se impugna la adjudicación, el motivo del recurso es la indebida exclusión de la oferta del recurrente. Asimismo, el acuerdo de exclusión, como se ha indicado en los antecedentes, ya fue objeto de recurso especial por el mismo recurrente, en concreto el recurso nº 482/2019, interpuesto el 22 de abril de 2019, antes del acuerdo de adjudicación, habiendo sido resuelto por este Tribunal en sentido estimatorio, lo que implica una pérdida sobrevenida de objeto del presente recurso. Esta circunstancia determina la inadmisión del presente recurso, y consiguiente archivo, al tratarse del mismo recurrente e interesados, del mismo procedimiento de licitación y lo que es más relevante, de idéntica causa de pedir. En el ámbito procesal civil, la



Concello de Vigo

pérdida del objeto procesal se configura como una causa de terminación del proceso en el art. 22.1 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, según el cual: "Cuando, por circunstancias sobrevenidas a la demanda y a la reconvencción, dejare de haber interés legítimo en obtener la tutela judicial pretendida, porque se hayan satisfecho, fuera del proceso, las 5 pretensiones del actor y, en su caso, del demandado reconviniente o por cualquier otra causa, se pondrá de manifiesto esta circunstancia y, si hubiere acuerdo de las partes, se decretará por el Letrado de la Administración de Justicia la terminación del proceso, sin que proceda condena en costas". En el presente caso cabe recordar que, la exclusión de un licitador en un procedimiento de contratación cuyos actos sean susceptibles de este recurso especial en materia de contratación, admite dos vías posibles, bien impugnando de forma autónoma el propio acuerdo de exclusión o bien impugnando el acuerdo de adjudicación, pero ambas vías son con carácter general subsidiarias, de forma que impugnando el acuerdo de exclusión no cabe simultanear la misma pretensión impugnando el acuerdo de adjudicación. En este sentido cabe citar el Acuerdo 89/2015, de 9 de septiembre de 2015, del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón que con cita de otras Resoluciones de esta Tribunal Central, concluye: "En la práctica existen dos posibilidades de recurso; frente al acto de exclusión, como acto de trámite cualificado, y frente al acto de adjudicación. Pero ambas posibilidades, con carácter general, no son acumulativas, sino de carácter subsidiario, a fin de impedir una «doble acción»". Añadía el citado Tribunal que: "Tal y como este Tribunal ha recordado en los Acuerdos 3 y 4 de 2015, de 9 de enero, dos son las opciones que, en abstracto, se le presentan al órgano de contratación en un supuesto como el que se analiza. Bien notificar a todos los licitadores de manera simultánea (tanto al adjudicatario, como al resto de licitadores, admitidos y excluidos) la adjudicación; bien notificar con carácter previo la exclusión a aquellos para los que la misma pone fin al procedimiento de contratación. Esta última es la recomendada reiteradamente por este Tribunal administrativo".

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

GARBIALDI, S.A., impugna a súa exclusión e a adxudicación do contrato en base os seguintes motivos:

1. A oferta económica é viable e o informe de valoración insuficiente para a súa exclusión (alegación primeira do escrito de recurso).
2. A necesidade de tomar en conta o prezo global do contrato e non a baixa de determinados apartados (alegación segunda do escrito de recurso).
3. A suficiencia da xustificación da oferta (alegación terceira do escrito de recurso).

A xuízo da informante, é preciso resolver en primeiro lugar a alegación segunda por canto de estimarse a mesma, habería que retrotraer o procedemento e valorar de novo a oferta económica e ter en conta este criterio para determinar se a oferta do recorrente é anormalmente baixa.

Efectivamente, tal e como manifesta o recorrente o informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes do 1 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, aceptado pola Mesa de

Contratación na sesión de 9 de agosto, parte de calcular os valores anormais, non con respecto a oferta global, senón con relación aos prezos unitarios.

O presuposto base de licitación deste contrato se compón dunha parte fixa, os servizos ordinarios de limpeza, e dunha parte variable, os servizos extraordinarios de limpeza, respecto a cal o contrato ten a consideración de servizos segundo necesidades, polo que se fixan prezos unitarios para cada tipo de estas limpeza: limpeza especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacterias, limpeza especializadas de cristais en altura e limpeza en altura, así como conducións de aire, limpeza extraordinarias de eventos deportivos e COVID e limpeza especializadas de resinas (apartados 3.A e G da FEC). Así mesmo fíxase un prezo unitario a aplicar en caso de modificación do contrato (apartado 3.G da FEC).

Pois ben, o citado informe determina as baixas anormais con respecto, por un lado a parte fixa, e por outro, con respecto aos prezos unitarios. É preciso por de releve que, tal e como indica o recorrente, existe unha consolidada xurisprudencia así como doutrina administrativa dos tribunais especiais en materia de contratación, respecto á que deben determinarse os valores anormais con respecto o “prezo global” proposto polo licitador. Por todas citaremos a Resolución nº 88/2022 do TACGAL, ditada no Recurso nº 63/2022 que dí:

“este TACGal xa ten sinalado en diversas resolucións -por todas, a Resolución 25/2018- que os parámetros para fixar o limiar de temeridade non se poden referir aos prezos parciais, senón ao conxunto da oferta. Así, a Sentenza 1828/2019, do 17 de decembro, do Tribunal Supremo sinala que “la determinación de si una oferta incluye valores anormales...ha de efectuarse en relación con la oferta global y completa presentada por el licitador”.

Nesa Resolución 25/2018 explicabamos:

“no existiendo expresión concreta en el PCAP, cabe señalar que, si bien procede la fijación de precios unitarios para la clasificación de las ofertas presentadas, la utilización del mismo criterio para la apreciación de la presunción de anormalidad no resulta adecuado, pues la finalidad de ambos supuestos es distinta. En el primer caso el órgano pretende determinar la oferta más ventajosa, pero en el segundo los criterios a aplicar sirven para fijar una presunción de que una oferta, en su conjunto, no puede ser cumplida y que el licitador no podrá hacer frente a la ejecución del global del contrato, por lo que la referencia de esa presunción a un aspecto parcial del contrato no parece correcto. Así, no resulta ilógico ni desproporcionado que un licitador formule su oferta con precios más bajos en algún apartado y más ajustados al presupuesto de licitación en algún otro. Entenderlo de otro modo para la determinación del umbral de temeridad no se ajustaría a la propia finalidad de la licitación, como es la de seleccionar la propuesta más ventajosa para la Administración”. (fundamento de dereito sexto)

Á vista desta doutrina, esta Administración debe allanarse as pretensións do recorrente, e admitir que non é correcto o criterio aplicado no citado informe de valoración de ofertas. Aplicando o parámetro da oferta global, tal e como determina o informe emitido polo servizo xestor o 7 de outubro, ao fío das alegacións do recorrente, a oferta de GARBIALDI, S.A., non contén valores anormais. En consecuencia, procedería retrotraer o procedemento ao momento de valoración do sobre C, se ben, esta Administración non pode facelo de oficio por canto o procedemento está suspendido e queda ao arbitrio do Tribunal acordalo.



Concello de Vigo

E por esta razón carece de sentido resolver as alegacións primeira e terceira do recurso que versan sobre se é suficiente a xustificación aportada polo recorrente para determinar a viabilidade da súa oferta.

-VI-

Conclusiones

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión. Con relación á impugnación do acordo de adxudicación non procede por canto aínda non foi acordado polo órgano de contratación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de exclusión da recorrente e de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(849).- RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6821/241.

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 16 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local (en diante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo.

Segundo.- A XGL, na sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2022, acordou adjudicar a IBERDROLA CLIENTES, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (expediente nº 52.008-444).

Terceiro.- O contrato formalizouse o 11 de marzo de 2022 e comezou a súa execución ao día seguinte.



Concello de Vigo

Cuarto.- O prazo do contrato é de 1 ano, rematando o 11 de marzo de 2023. Ten prevista unha prórroga de catro meses de duración.

Quinto.- En data 29 de setembro de 2022, a XGL acordou a modificación deste contrato para resolver o problema xerado polo incremento do “prezo indexado” definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE). Esta consiste “nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros”.

Sexto.- Con data do 29 de setembro de 2022 a Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético solicita do servizo de Contratación a formulación de proposta de resolución de mutuo acordo deste contrato. Xustifica esta proposta no feito de que a modificación acordada so cubre, segundo as súas previsións consonte ao prezo actual do contrato, dous meses, setembro e outubro. Polo que considera necesaria a súa resolución anticipada para poder licitar un novo contrato.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, manifestou a súa conformidade coa resolución de mutuo acordo proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución

e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato típico de subministro.

-II-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

"1.- A resolución do contrato rexerá polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de subministros nos artigos 306 e 307 de devandita Lei.

2.- Serán causas de resolución:

- a) O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.*
- b) O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.*
- c) O incumprimento do código ético recollido na cláusula 19.1 deste prego durante a execución do contrato.*



Concello de Vigo

3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.F das FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirlle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 37.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.

4.- O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.1 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, e será causa de resolución do contrato.

5.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato”.

A súa vez, o apartado 16.D das FEC establece a seguinte:

“O incumprimento da condición especial de execución prevista no apartado 16.A desta FEC”. Esta é: “Garantirase que a orixe de toda a enerxía eléctrica consumida está certificada cunha garantía de orixe 100% renovable”.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 306 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministros respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) **O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.**
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato, e das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato. En concreto, no que nos ocupa, o PCAP consigna na cláusula 22 as seguintes:
 - A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.

- Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
 - O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as contratos de subministros (artigo 306 da LCSP):

- j) A desistencia antes do inicio do subministro ou a suspensión do inicio do subministro por causa imputable a Administración por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega salvo que no prego se sinale outro menor.
- k) A desistencia unha vez iniciada a execución do subministro ou a suspensión do subministro por prazo superior a oito meses acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor.

Específica deste contrato, segundo o PCAP:

- l) O incumprimento da condición especial de execución de garantir que a orixe de toda a enerxía eléctrica consumida está certificada cunha garantía de orixe 100% renovable

No caso que nos ocupa, informa a xefa do do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, en data 29 de setembro de 2022, o seguinte:

"ANTECEDENTES



Concello de Vigo

1.- *A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou, "Adxudicar a IBERDROLA CLIENTES (A-95.758.389) o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)".*

2.- *O contrato formalizouse en documento administrativo en data 11/03/2022, e consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de doce meses, contado a partir do 12 de marzo de 2022, estando prevista unha prórroga de catro meses.*

3.- *Tal e como sinala o PPTP e o PCAP do contrato do SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTE DE FONTES 100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO (52.008-444)", o prezo ao que se factura a enerxía ven determinado polo "prezo indexado" definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE), mediante a fórmula:*

$$Pe=[(OMIE+\Sigma Cah)*Cmh]+CG$$

Onde os valores ΣCah , Cmh e CG , son os ofertados polo licitador adxudicatario e o valor de $OMIE$ depende do mercado diario da enerxía. Na actualidade, os factores que determinan a actual crise do sistema eléctrico ten provocado o mantemento alcista dos prezos da enerxía eléctrica en valores moi superiores aos que tiña como referencia a memoria económica para o período abril-decembro 2022, esgotándose mais do 44% do orzamento do contrato en catro meses, polo que o presuposto restante considérase insuficiente para finalizar o período do contrato (un ano).

4.- Actualmente estase a tramitar unha modificación do contrato do 20% por circunstancias prevista no PCAP.

CONCLUSIÓN:

O prezo ao que se factura a enerxía no contrato actual ven determinado polo "prezo indexado" definido e publicado polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE), engadindo (dende xuño de 2022) o concepto regulado denominado CAP do Gas, ambos importes teñen variación horaria. O histórico de prezos medios diarios publicados no dende o inicio do contrato son os seguintes:

<i>PERÍODO</i>	<i>PREZO OMIE €/MWh</i>	<i>CAP GAS €/MWh</i>	<i>TOTAL €/MWh</i>
<i>Marzo 2022</i>	<i>283,26</i>		<i>283,26</i>
<i>Abril 2022</i>	<i>191,78</i>		<i>191,78</i>
<i>Maio 2022</i>	<i>187,14</i>		<i>187,14</i>
<i>Xuño 2022</i>	<i>169,73</i>	<i>92,23</i>	<i>261,96</i>
<i>Xullo 2022</i>	<i>142,22</i>	<i>115,45</i>	<i>257,67</i>
<i>Agosto 2022</i>	<i>156,08</i>	<i>157,56</i>	<i>313,64</i>

Tal e como mostra a táboa anterior, os prezo da enerxía total varía de maneira significativa, estando á alza actualmente.

Con estas previsións de mercado e a estimación económica do contrato pode deducirse que o orzamento dispoñible actualmente unicamente dará cabida as facturas ata o 31 de outubro de 2022.

Para garantir a continuidade na prestación do servizo, propónse a resolución de mutuo acordo do contrato a esta data, 31 de outubro de 2022. Deste modo pode iniciarse expediente para a adxudicación dun novo contrato.



Concello de Vigo

Esta resolución de mutuo acordo non implica indemnización nin compensacións económicas a cargo de ningunha das partes”.

Así, tendo en conta que o servizo xestor solicitou, en informe de 29 de setembro de 2022 a tramitación da resolución de mutuo acordo propoñendo que non procede recoñecer compensación económica a ningunha das partes, e que consta no expediente a conformidade do contratista, procede incoar expediente para a resolución do contrato de mutuo acordo.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado c) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 211.c da LCSP: “O mutuo acordo entre a Administración e o contratista”. Para aplicar esta causa de resolución a lei esixe dous requisitos:

- Que non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista.
- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos:

1.– Que non concorra causa de resolución imputable ao contratista

Como se pode colixir do informe do servizo xestor non concorre ningunha causa de resolución imputable ao contratista. O contrato se resolve por canto, segundo a previsión do servizo xestor, o presuposto base de licitación esgotarase en dous meses, é resulta preciso acordar a resolución para poder licitar un novo contrato que garanta a continuidade na prestación do servizo de alumeado público.

2.– Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato

Do citado informe dedúcese tamén que é de interese público resolver este contrato, por canto a concorrencia de causas imprevisibles motivaron, primeiro a modificación

do contrato ata o límite previsto no prego, e agora a resolución do contrato porque o importe da modificación so alcanza a cubrir dous meses de subministración. É preciso ter en conta, no caso que nos ocupa, que a iluminación pública das vías e espazos públicos de titularidade municipal é un servizo esencial cuxa prestación é obrigada para as Entidade Locais por imperativo dos artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia. A resolución proposta, pois, obedece a unha razón de interese público, o mantemento dun servizo esencial, así como o funcionamento das dependencias e instalacións municipais.

A variación do prezo da enerxía definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, OMIE, respecto do estimado no cálculo do valor do contrato, que se incrementou ata cuadruplicar o seu valor dende a entrada en vigor do contrato (marzo 2022), implicou que para poder facer fronte as obrigacións económicas derivadas do contrato, fose preciso acordar a súa modificación. Máis o importe desta non é suficiente para acadar o prazo contractual restante. O presente contrato ten un prazo de duración dun ano. Dado que se formalizou en data 11 de marzo de 2022 e comezou a súa execución ao día seguinte, este rematará o 11 de marzo de 2023. No entanto, o presuposto base de licitación esgotarase en dous meses, tal e como determina o servizo xestor.

Á vista do exposto, podemos concluír que, é preciso proceder a resolución deste contrato a data 31 de outubro, data na que prevé o servizo xestor que se esgote o presuposto base de licitación, e o subministro de enerxía eléctrica é un contrato segundo necesidades. Deste xeito é posible iniciar un expediente de contratación para adxudicar un novo contrato que garanta a continuidade na prestación do servizo.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.



Concello de Vigo

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A estes requisitos é preciso engadir, consonte ao previsto no artigo 114.3 TRRL:

- Fiscalización pola Intervención Xeral

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Examinaremos a concorrencia dos citados requisitos:

1.– Audiencia ao contratista

Consta no expediente a conformidade do contratista, en escrito de 29 de setembro de 2022 solicita a resolución, polo que non é necesario evacuar un novo trámite de audiencia.

2.– Audiencia ao avalista ou asegurador

Non procede por canto non se propón a incautación da garantía.

3. e 4.– Informe da Asesoría xurídica e Fiscalización pola Intervención

Deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

5.– Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma

Dado que consta a conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

No presente caso, dado que non se recoñecen compensacións económicas a ningunha das partes non é precisa a liquidación do contrato.

–IV–

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

Con respecto á resolución de mutuo acordo, o seu apartado primeiro se limita a prever que os dereitos das partes axustaranse ao validamente estipulado por elas. No caso que nos ocupa, non procede que as partes se restitúan o recibido con ocasión do contrato, nin procede aboamento nin indemnización ningún.



Concello de Vigo

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º. – Resolver o contrato de subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (Expediente 52008-444) adxudicado pola Xunta de Goberno local a IBERDROLA CLIENTES, na sesión do 17 de febreiro de 2022, por mutuo acordo

entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP, con data 31 de outubro de 2022.

2º.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(850).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA O SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 52543/444.

Visto o informe de fiscalización do 11/10/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A XGL, na sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2022, acordou adxudicar a IBERDROLA CLIENTES, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (expediente nº 52.008-444).

O contrato formalizouse o 11 de marzo de 2022 e comezou a súa execución ao día seguinte. O prazo do contrato é de 1 ano, rematando o 11 de marzo de 2023. Ten prevista unha prórroga de catro meses de duración.

Segundo.- Na actualidade se está tramitando a resolución do contrato relacionado no antecedente anterior, estando incluída na orde do día da sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2022 a seguinte proposta:



Concello de Vigo

“1º.- Resolver o contrato de subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (Expediente 52008-444) adxudicado pola Xunta de Goberno local a IBERDROLA CLIENTES, na sesión do 17 de febreiro de 2022, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP, con data 31 de outubro de 2022 (...).”

Terceiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Quinto.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o subministro de electricidade en alta e baixa tensión mediante un Acordo Marco con tres lotes xeográficos: lote 1 Península, lote 2 Islas Baleares e lote 3 Islas Canarias.

Este acordo foi adxudicado a IBERDROLA CLIENTES S.A.U o 7 de abril de 2022, e formalizouse en documento administrativo o 12 de maio de 2022, comenzando a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración dun ano e prevé unha prórroga dun ano de duración.

Sexto.- Mediante resolución de 30 de setembro de 2022, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Fomento e Servizos, acordou o inicio dun expediente de contratación de subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 11 de outubro de 2022 .

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco de subministro de electricidade en alta e baixa tensión, adxudicado a IBERDROLA CLIENTES S.A.U. Este acordo formalizouse o 12 de maio de 2022, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de 1 ano e prevé unha prórrogas dun ano de duración.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco de subministro de electricidade en alta e baixa tensión da FEMP na actualidade está vixente.



Concello de Vigo

2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco se perfeccionan coa súa adxudicación. No entanto, no caso que nos ocupa, a súa eficacia quedará demorada ata o 1 de novembro de 2022, por canto o contrato vixente non remata ata o 31 de outubro.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa. Esta última non é necesaria no presente caso por canto o expediente non xera gastos á facenda municipal.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación subministro de electricidade en alta e baixa tensión, adxudicado a IBERDROLA CLIENTES S.A.U.

Segundo- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DEZA SEIS MILLÓNS OITOCENTOS OITENTA MIL CINCOCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (16.880.510,97 €) , sendo a partida correspondente ao IVE de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS CINCO MIL SEISCENTOS DEZASEIS EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.205.616,62 €), segundo consta na memoria económica do servizo xestor.

Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a IBERDROLA CLIENTES S.A.U., con data 7 de abril de 2022 e formalizado o 12 de maio de 2022.

Cuarto.- O contrato baseado iniciarase en data 1 de novembro de 2022, por canto o contrato vixente de subministro de enerxía eléctrica(Expediente 52008-444) adxudicado pola Xunta de Goberno local a IBERDROLA CLIENTES, rematará o vindeiro 31 de outubro de 2022.

Quinto.- Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas aplicacións orzamentarias da táboa seguinte, e coa distribución en anualidades que sinala:

			TOTAL CON IVE	Novembro/ Decembro 2022	Xaneiro/Outubro 2023
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	213.782,80 €	38.480,90 €	175.301,90 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	10.001.068,98 €	1.800.192,42 €	8.200.876,56 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	181.250,36 €	32.625,07 €	148.625,30 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	1.767.647,52 €	318.176,55 €	1.449.470,97 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	2.060.493,04 €	370.888,75 €	1.689.604,29 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	2.656.268,27 €	478.128,29 €	2.178.139,98 €
			16.880.510,97 €	3.038.491,97 €	13.842.018,99 €

Sexto.- Nomease responsable do contrato baseado a xefa do servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético.

Sétimo.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante, e a remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece e corenta e cinco minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.



Concello de Vigo

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez